

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN **Expte: 2036/1102**

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

1.- En data 12.02.2026 [REDACTED], aspirante no proceso selectivo de cinco prazas de técnico de administración xeral (expte 46490-220) presenta solicitude de acceso a información na que, entre outros, solicita

- Identificación e natureza das prazas: Copia do documento de creación das tres prazas de TAG obxecto da convocatoria, con indicación do seu código de praza no Persoal de Persoal e a súa vinculación orzamentaria. Certificación de se devanditas prazas teñen asignado, na actual Relación de Postos de Traballo (RPT), un Posto de Traballo concreto e, en caso afirmativo, copia da Ficha de Desempeño do Posto onde consten as súas funcións específicas.
- Sobre a "Guía de Funcións" aludida polo Tribunal: Copia íntegra da "Guía de Funcións" mencionada polo Órgano de Selección na súa contestación de data 06/02/2026 (Expte. 46490/220). Información sobre a data de aprobación da devandita Guía, órgano competente para a súa aprobación e lugar de publicación oficial para coñecemento dos aspirantes. Aclaración de se devandita Guía define funcións da Subescala Técnica (Praza) ou funcións de Postos de Traballo específicos.
- Histórico de convocatorias e especialidades: Copia dos exercicios prácticos (supostos) da terceira proba, das convocatorias de TAG deste Concello (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 60 do 26 de marzo de 2018) nas que se establecía a distinción entre "Rama Xurídica" e "Rama Económica". Certificación dos temarios esixidos nas devanditas convocatorias para a "Rama Xurídica" a efectos de comparar a carga de materia tributaria/contable esixida entón fronte á actual.
- Copia do acto administrativo ou norma de delegación que habilite á Xerencia Municipal de Urbanismo para a xestión, custodia e notificación de actos relativos a un proceso selectivo da Escala de Administración Xeral, alleo á estrutura propia do organismo autónomo.

2.- En data 24.02.2026 a secretaria do órgano de selección remite resolución de data 23.02.2026 pola que ao abeiro do art. 53.1 da LPAC se estima a solicitude formulada por Dna. [REDACTED] e facilitar copia da Resolución de data 30.10.2025 pola que se designou a unha administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo como persoal administrativo ou auxiliar de apoio ao órgano de selección da

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 10:35	Páxina 1 de 8
2036-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



OEP 2020-2021-2022 correspondente ao proceso de seis prazas de Técnico/a de administración xeral (cinco pola quenda libre, dúas reservadas a persoas con diversidade funcional e, unha reservada pola quenda de promoción interna).

3.- En data 16.03.2026 por parte da Área de RRHH e Formación remítese informe.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de*

Copia do documento - Concello de Vigo
2036-1102

Data impresión: 15/04/2026 10:35

Páxina 2 de 8

CSV: [REDACTED]

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**




alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.” É precisamente a “información pública” así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: “El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información”.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que “*ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade*” (art. 1 de la LTAIBG).

A disposición adicional primeira da LTAIBG determina que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo. Conforme a doutrina do Consello de Transparencia e Bo Goberno a aplicación preferente da normativa reguladora do procedemento administrativo de que se trate proxéctase sobre aqueles supostos nos que, existindo un procedemento en curso, o solicitante da información ten a condición de interesado e solicita información que pertence ou se integra naquel.

Neste senso, tales requisitos concorren no presente caso, pois (i) solicítase información acerca dun concreto procedemento administrativo —referido a unha proceso selectivo—; (ii) no que o reclamante ten a condición de interesada na súa condición de aspirante, e (iii) que aínda non concluíu.

E por isto que a solicitude de acceso a información presentada en data 12.02.2026 en relación á copia do acto administrativo ou norma de delegación que habilite á Xerencia Municipal de Urbanismo para a xestión, custodia e notificación de actos relativos a un proceso selectivo da Escala de Administración Xeral, alleo á estrutura propia do organismo autónomo, realizouse ao abeiro do disposto no artigo 53 da LPAC relativa aos dereitos do interesado no procedemento administrativo, Así, por resolución de data 23.02.2026 facilitouse copia da Resolución de data 30.10.2025 pola que se designou a unha administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo como persoal administrativo ou auxiliar de apoio ao órgano de selección da OEP 2020-2021-2022 correspondente ao proceso de seis prazas de Técnico/a de administración xeral (cinco pola quenda libre, dúas reservadas a persoas con diversidade funcional e, unha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 10:35	Páxina 3 de 8
2036-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



reservada pola quenda de promoción interna).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

En relación as outras cuestión solicitadas, por parte da Área de RRHH e Formación faise infórmase o seguinte

*"No referente ao punto primeiro: **"Identificación y naturaleza de las plazas"**:"*

Na oferta de emprego público do ano 2021 (BOPPO, 29/12/2021, núm. 250), constan dúas prazas de técnico/a de administración xeral, libre. Non se especifica rama xurídica/económica, salvo erro ou omisión.

Na oferta de emprego público do ano 2022 (BOPPO, 30/12/2022, núm. 249), constan 4 prazas de técnico admón xeral (1 promoción interna, 3 libre), e figura especificamente rama xurídica.

*Nos respectivos expedientes de tramitación das devanditas ofertas (37053-220: Oferta de Emprego Público 2021; 39061-220: Oferta de Emprego Público 2022) non se identifican especificamente os **postos** asociados ás prazas de técnico/a administración xeral incluídas nesas ofertas, toda vez que as Ofertas de Emprego Publico recollen as prazas para a súa provision e non os postos nos que se desempeñaran.*

Polo tanto, á vista dos datos obrantes en data actual na aplicación ginpix, os postos vacantes son os seguintes:

-Servizo 240 Patrimonio posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 9- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama xurídica)..

- Servizo 108 Desenvolvemento local e emprego , posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 14- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama xurídica).

- Servizo 140 Intervención xeral , posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 15- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama xurídica).

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/04/2026 10:35

Páxina 4 de 8

2036-1102

CSV: [REDACTED]

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



- *Servizo 144 Orzamentación e seguimento , posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 23- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama económica).*
- *Área 220 RRHH e Formación , posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 24- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama xurídica).*
- *Servizo 210 Mobilidade, Transporte e Seguridade , posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 27- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama xurídica).*
- *Unidade 120 de Apoio ao Órgano Responsable do Sistema Interno de Información (ORSI,), posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 28- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama xurídica).*
- *Servizo 545 Recadación Executiva , posto 46 – técnico/a de administración xeral, dotación 29- figura vacante en data de sinatura; asociado a praza técnico administración xeral (rama económica).*

Non se inclúen nesta relación as prazas técnico/a administración xeral vacantes pero vinculadas a outros postos como xefaturas área/servizo, postos letrado asesor xurídico, técnico/a superior recursos e programas e inspector/a tributos- tec admon xeral.

Os postos cod 46 técnico/a administración xeral vacantes citados previamente son os que poderán ocuparse co persoal nomeado no marco da OEP 20-21-22, en función das prioridades establecidas pola área de goberno respectiva e/ou en función das preferencias dos aspirantes, se procede.

Sobre a "Guía de Funcións" aludida por el Tribunal:

Consta publicada no portal de transparencia do Concello de Vigo, en:
<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

En concreto, arquivo denominado "Aprobación definitiva da nova Relación de Postos de Traballo (RPT) correspondente ao ano 2022. Guía de Funcións de 26/06/2020", que recolle as funcións do posto técnico/a administración xeral, órgano e data de aprobación.

"Histórico de convocatorias y especialidades"

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 10:35	Páxina 5 de 8
2036-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Consta distinción entre ramas nas seguintes ofertas de procesos selectivos finalizados:

*OEP 17-18-19: consta distinción entre ramas,
3 quenda libre – rama xurídica (Expediente 39125-220). Achégase copia dos supostos prácticos.*

1 promoción interna – rama xurídica (Expediente 39126-220). Achégase copia dos supostos prácticos.

OEP 14-15-16: consta distinción entre ramas

1 quenda libre – rama económica (Expediente 33210/220). Achégase copia dos supostos prácticos.

1 quenda libre – rama xurídica (Expediente 33208/220). Non se localiza a documentación dos supostos prácticos, salvo erro ou omisión.

2 promoción interna- rama xurídica (Expediente 33209/220). Achégase copia dos supostos prácticos.

Os temarios constan publicados nos correspondentes boletíns oficiais:

- OEP 17-18-19

BOPPO, 17 de novembro de 2020 – núm. 222: temario técnico/a administración xeral (rama xurídica)

- OEP 14-15-16


BOPPO, 26 marzo de 2018- núm. 60: temarios técnico/a administración xeral (rama xurídica e rama económica)

- OEP 2010-11

BOPPO, 16 decembro de 2013- núm. 240: temario técnico/a administración xeral (sen distinción entre ramas).

Achégase copia dos exercicios de tipo supostos prácticos solicitados, cando existiu diferenciación entre ramas”.

Toda vez que a información solicitada constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar a información solicitada mediante remisión dos documentos dixitalizados e acceso, respecto a guía de funcións ao



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/04/2026 10:35

Páxina 6 de 8

2036-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



seguinte enlace <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar a información nos termos sinalados no informe de RRHH e Formación transcrito no apartado II das consideracións xurídicas e conforme o mesmo remitir a documentación dixitalizada dos supostos prácticos, e respecto a guía de funcións facilitar a información mediante o acceso ao seguinte enlace <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.


SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 10:35	Páxina 7 de 8
2036-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/04/2026 10:35	Páxina 8 de 8
2036-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		